

BANDO SOBRE AS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2020

Xosé Represas Giráldez, Alcalde-Presidente do Concello de Ponteareas,

COMUNICA

Como consecuencia das normas ditadas pola Xunta de Galicia e da situación excepcional provocada pola COVID-19, e para garantir o cumprimento das medidas de prevención previstas na normativa de transición cara á nova normalidade, indícase o seguinte:

NESTE ANO 2020 NON SE PODERÁN CELEBRAR AS TRADICIONAIS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN EN SOLO DE ESPAZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS.

PERMÍTESE A REALIZACIÓN DE FOGUEIRAS EN TERREOS PARTICULARES, DEBENDO RESPECTARSE AS CONDICIÓN DO PLAN PARA A TRANSICIÓN CARA UNHA NOVA NORMALIDADE ASÍ COMO AS MEDIDAS DE SEGURIDADE QUE SE DETALLAN

- Unicamente poderán realizarse aquelas fogueiras que teñan efectuada a comunicación, por escrito ao Concello.
- A separación entre as fogueiras, edificios, árbores e vehículos serán como mínimo de 12 metros. O volume do combustible da fogueira non sobrepasará os 3 metros de diámetro ou 8 de perímetro, nin os 3 metros de altura.
- Porase especial coidado de non situar as fogueiras baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- Teranse en conta inclemencias meteorolóxicas como a aparición de vento á hora do prendido e mantemento da fogueira; tamén se deberá ter un punto de agua próximo para proceder ao seu apagamento ante calquera emerxencia.
- Ao finalizar a fogueira e antes de abandonar o lugar da mesma, as persoas responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas e comprométese a retirar do lugar da celebración todos os restos que queden nun prazo máximo de 48 horas.

Teléfonos de interese:

Concello de Ponteareas: 986 64 00 00. Policía Local de Ponteareas: 986 64 00 50
Emerxencias: 112

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento

Asinado dixitalmente, na data que consta no marxe

